

Estimada familia,

O Departamento de EF organiza o **CIES CAMP**, unha actividade que pretende dar a oportunidade ao alumnado de 2º da ESO de practicar actividades físicas nun entorno natural como é o Parque Nacional das Illas Cíes (Pontevedra). Dita viaxe xa se realizou nos cursos 16-17, 17-18, 18-19, 21-22 e 23-24 con moito éxito no noso centro.

Realizaremos a viaxe con **Excursiones Aventúrate**, axencia especializada en campamentos nas Illas Cíes, tras valorar a calidade dos seus servizos, pois conta con varios anos de experiencia na organización deste tipo de viaxes escolares.

DATOS XERAIS DA VIAXE:

- Lugar: ILLAS CÍES (Pontevedra).
- Aloxamento: Nas “Tendas Cíes”, tendas instaladas de xeito permanente na Illa. Cada tenda está equipada con somieres, colchóns e almofadas. Alí darannos sabas (funda de almofada e cubrecolchón). Hai que levar saco. En cada tenda aloxaranse catro alumnos ou catro alumnas en dúas camas grandes.
- Datas: días **17, 18 e 19 de xuño de 2025**
- Prezo Viaxe: de **265 euros a 290 euros dependendo do número de alumnos/as**.
- Saída: martes 17 de xuño ás 7:30 da mañá aproximadamente*.
- Chegada: xoves 19 de xuño ás 22:30 aproximadamente*.

* O horario definitivo indicárase máis preto da data de saída, cando as navieiras nos faciliten os horarios.

O PREZO DA VIAXE INCLÚE: *autobús de ida e volta dende o IES, traslado en barco ida e volta dende o Porto de Vigo ás Illas, aloxamento dúas noites no camping da Illa, pensión completa en restaurante (ceas dos días 17 e 18 e almuerzo e comida dos días 18 e 19), profesorado do centro acompañante, 1 monitor/a por cada 15 alumnos/as que dinamizarán as actividades dende o porto de Vigo ata o regreso ao porto, paquete de actividades (misión imposible, xincana deportiva, rastrexo, star light, sendeirismo ao faro, spartan Cíes, sendeirismo ao alto do príncipe e diverpraia), seguro de responsabilidade civil e de accidentes e rifas para financiar a viaxe.*

O PREZO DA VIAXE NON INCLÚE: *a comida do día 17 (deberán levar picnic de casa) e a cea do día 19.*

MODOS DE PAGAMENTO:

2 PRAZOS: *100 euros en concepto de reserva antes do 15 de decembro de 2024 e a cantidade restante antes do 15 de maio de 2025*

A conta para realizar o primeiro pago é a seguinte:

Concepto pago reserva: CIESCAMP + Nome, apelidos alumn@ e curso

Nº CC IES Rego de Trabe: ES42 0049 2970 8122 1401 9011

Nota: *deberán entregar no departamento de EF unha copia do xustificante bancario de pago, así como das autorizacións para a realización da viaxe asinadas (a da empresa e a do IES).*

- O **luns 25 de novembro, ás 18:15** celebraremos unha reunión informativa no Salón de Actos.

Na web do centro, no apartado de AAEECC – Cíes dispoñen de información adicional.

Un cordial saúdo,

Departamento de EF e Vicedirección do IES Rego de Trabe

En Culleredo, a 18 de novembro de 2024